

ACTA DA XUNTANZA DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO ACORDO REGULADOR DA CARREIRA PROFESIONAL DAS CONTRATAS DO PERSOAL DO SERGAS

En Santiago de Compostela, sendo as 11.20 horas do día vintedous de xullo de dous mil nove, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24- baixo, reúnense as persoas abaixo sinaladas, en presenza de D. Celso Araújo Castro, funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais,.

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

- D. Álvaro Cerviño Real (ACCIONA FS)
- D^a. Inmaculada Arena Lanzas (ACCIONA FS)
- D. Alfredo Calderón López (VALORIZA FACILITIES, SAU)
- D. Manuel Lago Andrés (ASPEL)
- D. Alberto Davila García (Mediterránea de Cátering)
- D. José Manuel Rodríguez Sante (INGESAN – PACSA UTE)
- D. David Gómez Crespo (ISOLUX)

REPRESENTACIÓN SOCIAL

- D^a. Salomé González León (CC.OO.)
- D^a. M^a Carmen Otero Punte (CC.OO.)
- D. David Barrio Sexto (UGT-Galicia)
- D. María do Tránsito Fernández (CIG)
- D^a Carmen Cambón Otero (CIG)
- D^a. María Dolores Rodríguez Vázquez (CIG)

O obxecto da presente xuntanza, de conformidade co compromiso acadado na celebrada en data 18.02.09, segundo consta en acta, é informar pola parte empresarial do resultado da xuntanza celebrada por esta representación coa Consellería de Sanidade.

Unha vez exposto o resultado da antedita xuntanza, e logo do oportuno debate e deliberación, na que cada unha das partes presentes na Mesa fixeron as manifestacións que consideraron oportunas ao respecto, as representacións presentes solicitan que consten expresamente en Acta as seguintes consideracións.-

Pola representación empresarial presente na Mesa, se manifesta o compromiso de que recoñecen a equiparación salarial dos seus traballadores, que así lle corresponda, cos traballadores do SERGAS nas súas correspondentes categorías e convenios.

Polos representantes de ACCIONA FS, se solicita que consta expresamente en Acta que, por parte das novas adjudicatarias (Burela – SAMYL, S.L, Lugo – LINORSA) se produciu o incumprimento do contido do punto 4º da Acta de data 18.02.09 da presente Mesa.

Pola representación sindical presente na Mesa, se efectúan as seguintes manifestacións.-

- As empresas que asinaron o acordo contido en Acta de 18.02.09, e que se comprometeron a efectuar os aboamentos dos salarios pendentes do plus de equiparación a 31 de marzo de 2009, non cumpriron dito compromiso.
- Se vota en falla un compromiso da representación empresarial presente, de recoñecemento expreso do aboamento do 3º grado unha vez que se faga efectivo por parte do SERGAS ao seu persoal.
- Por último se incide na necesidade da creación dunha Mesa de negociación específica para acadar un acordo marco de internamento e hospitalización.

Ao respecto deste último punto, a representación empresarial expresa que éste non é o foro axeitado, nin a representación autorizada para debater este punto.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13.20 horas, os asistentes asinan a presente en proba de conformidade por quintuplicado exemplar.

The block contains several handwritten signatures and initials. From left to right, there is a large signature with 'CCOO' below it. Next to it is another signature with 'UGT' below it. In the center, there is a signature with 'CCOO' below it. To the right, there is a signature with 'C.I.G.' below it. At the bottom right, there is a signature with 'C.I.G.' below it. There are also some other initials and scribbles scattered throughout the block.